



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde en relación coa demanda da implantación do Noitebús.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Ribeira, ten un poboación nova moi numerosa e dinámica que nas noites da fin de semana e en épocas de vacacións, se despraza as zonas de ocio nocturno da nosa cidade e dos concellos do noso entorno.

Sen dúbida unha boa forma de que a nosa mocidade evite accidentes de tráfico é usando o transporte público nas noites de ocio. Polo día poderíanse habilitar liñas de autobús cara as praias máis concurridas do noso concello.

O NoiteBús, é un servizo que estivo funcionando con grande demanda, pola mocidade ribeirense e a de toda a comarca do Barbanza.

A Orde do 14 de febreiro de 2008 é unha convocatoria pola cal os concellos poden solicitar subvencións para crear este tipo de liñas de transporte.

O BNG de Ribeira xa ten solicitado varias veces, a última foi o pasado 6 de xullo de 2007, que o concello de Ribeira se acolla a estas subvención.

Polo tanto, en representación do grupo Municipal do BNG

SOLICITO:

1º Que o concello de Ribeira **se acolla a liña de subvencións** para a implantación do NoiteBús segundo reflicte a orde do 14 de febreiro de 2008.

2º Que o concello de Ribeira cree dentro desta convocatoria de subvencións, unha **liña circular que percorra as 9 parroquias de Ribeira**, con suficientes frecuencias, para posibilitar que a mocidade que queira pasar as noites de ocio no noso concello non teña que usar o seu coche.

3º Que o concello de Ribeira cree dentro desta convocatoria de subvencións unha liña que comunique con algunha das **praias do noso concello**.

4º Que se manteña a **liña de NoiteBús Ribeira-Padrón** que facilite o desprazamento da xuventude ribeirense e que permita que mozos e mozas desta comarca poidan vir a Ribeira.

5º Que se cre a **liña de NoiteBús Ribeira-Noia** que igualmente facilite o desprazamento da xuventude ribeirense e que permita que mozos e mozas poidan vir a Ribeira.

Ribeira, 28 de marzo de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA